

# **XII CARREIRA POPULAR "MAR DE BOIRO"**

## **10º. Memorial Pepe Buceta**

### **Bases xerais.**

**Data:** 4 de decembro de 2016.  
**Hora de inicio:** 11:00 h.  
**Hora de finalización:** 12:30 h.

### **XII Carreira Popular "Mar de Boiro" - 10º Memorial Pepe Buceta.**

**Organiza:** Departamento de Deportes. Concello de Boiro.  
Casa da Cultura "Ramón Martínez López" (parque da Cachada).  
Tfno: 981-848425/e-mail: [deportes@boiro.org](mailto:deportes@boiro.org).  
Persoa de contacto: Geno Rodríguez Fernández.

**Patrocina:** Concello de Boiro.

**Distancias:** Carreiras Mini e Supermini (ata sete anos): 200 metros.  
Carreira curta (escolares): 2.500 metros.  
Carreira longa (cat. xeral): 10.000 metros.

**Inscricións:** **Carreira longa e escolares:** na Web de **Emesports** ([www.emesports.es](http://www.emesports.es))

**Carreiras Mini e Supermini:** no Departamento de Deportes. Casa da Cultura "Ramón Martínez López". Parque da Cachada. Avda. Constitución nº 30. 15930 Boiro. A Coruña.

- Persoalmente.
  - Teléfono (981 84 84 25).
  - Correo electrónico ([deportes@boiro.org](mailto:deportes@boiro.org)).
- **Aceptaranse inscricións ata o xoves 1 de decembro (ata as 14:00 h. no Departamento de Deportes e ata as 0:00 h. na web de Emesports).**
- *O día da proba, só se farán modificacións ou rectificacións das inscricións.*
- *As inscrición son gratuítas para as carreiras Mini, Supermini e escolares. Para a carreira longa (emprégase chip) e a inscrición será de 6 euros.*
- *O depositario das cotas de inscrición será a empresa Emesports. Ao remate do evento, a empresa depositaria deberá ingresarlle ao Concello de Boiro a totalidade da cantidade recadada.*

**Recollida de dorsais, Chips, saída, boxes e meta:**

Na carpa que a organización terá na Praza de Galicia (fronte ao edificio do concello), **a partir das 09:00 h. e ata as 10:15 h.** Aquí estarán situados tamén os boxes, avituallamento e a zona de entrega de trofeos. Ao lado da praza estarán situadas tamén a liña de saída e chegada.

## **Premios:**

- ✓ Trofeos para os 3 primeiros clasificados en tódalas categorías, excepto para a carreira Mini e Supermini.
- ✓ Agasallo aos 3 primeiros corredores de Boiro (nados-aportar DNI- ou empadroados actualmente-comprobado pola organización) da categoría xeral, masculino e feminino.
- ✓ Agasallo aos 500 primeiros corredores da categoría xeral que se inscriban na proba.
- ✓ Medallas para todos os participantes das carreiras curta, Mini e Supermini.
- ✓ Non haberá premios económicos.

## **Percorrido:**

### **Carreiras Mini e Supermini. Ata 7 anos (200 metros).**

2 saídas: Mini (2009-2010-2011) e Supermini (2012 e posteriores). Saída a 200 metros da liña de meta, ao comezo da rúa peonil. O horario da saída será ás **10:40 h.** Os pais poden correr cos cativos da proba Supermini, pero farano ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos máis rápidos. Deste xeito, os inscritos na carreira longa poderán correr cos fillos na carreira Supermini antes da súa proba.

### **Carreira curta. Escolares (2.500 metros).**

Saída 5 minutos despois da categoría absoluta, na rúa Principal, fronte ó edificio do concello. Baixada pola rúa Principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos a esquerda pola Avda. Constitución, pasamos a rotonda do cruce ca Avda. Compostela e seguimos subindo toda a Avda. Constitución, pasando os semáforos e chegando á rotonda do cruce de Abanqueiro. Volta á rotonda, subida ata a rúa Estatuto de Galicia e baixada todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:05 h.**

### **Carreira longa. Categoría xeral (10.000 metros).**

Saída na rúa Principal, fronte ao edificio do concello. Baixada pola rúa principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos á esquerda pola Avda. Constitución ata a rotonda da Avda. Compostela, torcendo á dereita en dirección a Praia Xardín. Ao final da Avda. Compostela torcemos á esquerda, entrando no paseo marítimo. Percorrido por todo o paseo marítimo ata o final do mesmo, no Salتيño. Sáese á Avda. Barraña e a 50 metros xa se colle o cruce á esquerda para subir pola Pedra da Bouza ata a Rotonda da Sestelo. Séguese pola estrada ata Triñáns e ao final torcemos á esquerda en dirección a Abanqueiro. O percorrido polas estreitas rúas de Triñáns lévanos ata a rotonda do cruce que vai para a praia de Mañóns, torcendo a dereita e dirixíndonos ata esta praia. De Mañóns seguimos a estrada ata o cruce preto da Charca de Abanqueiro. Ao final da Charca, collemos á esquerda para subir toda a recta do campo de fútbol de Abanqueiro ata chegar a Exipto, continuando recto pola estrada que pasa por Brión e, ao pasar San, torcemos á dereita en dirección á Boliña, ata chegar ao cruce ca Avda. Constitución. Aquí collemos á dereita en dirección á rotonda de Espiñeira, onde se fará un cambio de sentido (sen chegar a bordear a rotonda) para volver a baixar pola Avda. Constitución, torcemos á dereita no primeiro cruce para baixar pola rúa Estatuto de Galicia (onde está o Mercadona) todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:00 h.**

## **Regulamento categoría xeral.**

1. O Departamento de Deportes do Concello de Boiro será o organizador da **XII Carreira Popular "Mar de Boiro" – 10º. Memorial Pepe Buceta.** A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e nos seguintes circuítos:
  - IV Circuíto Provincial de Carreiras Populares, promovido pola Deputación da Coruña.
  - Circuíto de Carreiras Populares Arousa Norte, promovido e organizado polos concellos que forman parte da Mancomunidade Arousa Norte: Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Riveira.

2. O Concello de Boiro, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
3. Tódolos participantes, polo feito de toma-la saída, aceptan as presentes bases e regulamento que, en caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
4. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
5. As bases desta carreira complementaranse coas bases de participación no Circuito de Carreiras Populares de Arousa Norte (4 carreiras 1 Meta).
6. Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalo ou dobralo, debendo quedar ben visible o número e a publicidade.
7. Utilizarase o **CHIP** da empresa "Emesports" como xeito de **CRONOMETRAXE ELECTRÓNICO**. Este chip entregaráselle ao corredor, xunto co dorsal, ata 45 minutos antes do comezo da proba. Hai que colocalo na zapatilla, enganchándoo co cordón. Se o chip vai colocado por riba da coxa (peto, man, brazaletes...) córrese o risco de que non funcione correctamente.  
Ao rematar a carreira, hai que quitalo e entregarllo aos encargados de recoller os chips, situados no corredor da meta.

**É OBRIGATORIO DEVOLVER O CHIP.** Caso contrario, o prezo do chip extraviado cargaráselle ao corredor en cuestión.

8. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou ao entender dos xuíces da organización cometa algunha irregularidade, será descalificado.
9. A saída será ás **11:00 h.** na rúa Principal, fronte ao edificio do concello. A chegada será na parte de atrás deste edificio, na rúa peonil.
10. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba, dividindo 2 grupos: adiante, da categoría xuvenil cara adiante e, a 25 metros por atrás aproximadamente, as categorías de escolares: benxamín, alevín, infantil e cadete. Daranse dúas saídas: primeiro a categoría xeral e logo, a categoría de escolares.
11. A organización establece as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:
  - **Benxamín Masc. e Fem.:** nados/das en **2007 e 2008**
  - **Alevín Masc. e Fem.:** nados/das en **2005 e 2006**
  - **Infantil Masc. e Fem.:** nados/das en **2003 e 2004**
  - **Cadete Masc. e Fem.:** nados/das en **2001 e 2002**
  - Xuvenil Masc. e Fem.: nados/das en 1999 e 2000
  - Júnior Masc. e Fem.: nados/das en 1997 e 1998
  - Promesa Masc. e Fem.: nados/das en 1994, 1995 e 1996
  
  - Sénior Homes e Mulleres: nados entre 1993 e 1982 (ambos incluídos)
  
  - Veteranos/as 1: homes e mulleres nados entre 1977 e 1981 (ambos incluídos)
  - Veteranos/as 2: homes e mulleres nados entre 1967 e 1976 (ambos incluídos)
  - Veteranos/as 3: Homes e mulleres nados entre 1957 e 1966 (ambos incluídos)
  - Veteranos/as 4: Homes e mulleres nados en 1956 e anteriores.

12. As categorías e o circuÍto estarán expostos na Praza de Galicia, na saída da carreira. As Carreiras Mini (nados nos anos 2009, 2010 e 2011) e Supermini (nos anos 2012 e posteriores) será para os máis cativos; a carreira curta para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, sendo a carreira longa para o resto das categorías.
13. Un corredor da categoría cadete poderá participar na carreira longa, tendo que pagar a correspondente inscrición e participando en igualdade de condicións cos corredores/as da categoría na que se inscribe. Do mesmo xeito, un corredor do ano 2009 poderá participar na categoría Benxamín, para poder participar nunha proba de maior distancia. O resto de categorías terán que inscribirse obrigatoriamente na categoría correspondente segundo o ano de nacemento.
14. A organización establecerá puntos de control ao longo de todo o percorrido.
15. O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro, así como a recta final de meta e a súa lonxitude.
16. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
17. Os corredores serán acompañados por coches da organización. Un coche oficial abrirá a carreira e un microbús irá pechando, facendo funcións de "coche escoba".
18. O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descalificación.
19. O control de chegada pecharase 45 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.
20. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais.
21. A clasificación será absoluta e por categorías.
22. A organización premiará cun trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría e aos tres gañadores absolutos (tanto masculino coma feminino). Ademais, outorgaranse os seguintes premios:
  - Tres primeiros corredores e tres primeiras corredoras de Boiro en cruzar a liña de meta na categoría xeral (nados en Boiro-aporar DNI-ou empadroados actualmente-comprobado pola organización).
  - Participante con máis idade.
  - Medallas para os participantes das carreiras Mini, Supermini e curta.
23. Os trofeos poderán ser acumulativos.
24. A entrega de trofeos será ás 12:15 h. na Praza de Galicia, fronte ao edificio do concello.
25. Para as duchas e vestiarios poderán utilizarse as do pavillón do Complexo Deportivo da Cachada, situado ao lado da Piscina Municipal e a escasos 300 metros do lugar da saída da carreira.
26. As reclamacións, se as houbera, faranse na carpa da organización, tendo como hora límite as 12:00 h.
27. Ante calquera circunstancia non comentada nestas bases e regulamento, a organización tomará as decisións oportunas.

28. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.

## **Regulamento categoría escolares.**


1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados entre os anos 2001 e 2008 (ambos incluídos), coincidindo coas categorías cadete, infantil, alevín e benxamín.
2. Estas categorías percorrera o circuíto curto, de 2.500 metros.
3. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos, da parte de atrás do pelotón.
4. Cada centro escolar poderá inscribir a tódolos rapaces/zas que desexe. O prazo de inscrición rematará o 1 de decembro de 2016.
5. A proba de escolares, salvo no especificado neste regulamento, rexeráse polas bases e regulamento xeral da XII Carreira Popular "Mar de Boiro", 10º Memorial Pepe Buceta.

## **Regulamento carreiras Mini e Supermini.**


1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados no ano 2009 e posteriores.
2. A carreira Mini será para os nados nos anos 2009, 2010 e 2011.
3. A carreira Supermini será para os nados nos anos 2012 e posteriores.
4. Faranse 2 saídas: primeiro a Mini e, a continuación, a Supermini.
5. Estas categorías percorrera o circuíto Mini, de 200 metros aproximadamente.
6. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos máis pequenos (os da categoría Supermini), pero farano ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos máis rápidos.

## **ANEXOS.**

### **1. Circuíto adultos.**



## 2. Circuito escolares.



## 3. Carreiras Mini e Supermini.

